



Máis dun milleiro de inmobles desta localidade da bisbarra de Fisterra (Costa da Morte), conectados a internet de ata 500 megas simétricos co operador galego

R chega por vez primeira coas súas redes de nova xeración ao municipio coruñés de Muxía

- ***O despregamento destas redes está subvencionado polos Fondos FEDER da Unión Europea a través do Programa de Extensión de la Banda Ancha de Nueva Generación (PEBA-Plan Avanza) do Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital.***
- ***Un total de 1027 residencias e empresas de Muxía xa teñen cobertura das redes de nova xeración de R no marco do Plan Avanza, e serán 1150 a peche de 2021.***

Venres, 30 de abril de 2021.- Os habitantes do núcleo de Muxía, no municipio coruñés do mesmo nome, na bisbarra de Fisterra, dispoñen por vez primeira de accesos ultrarrápidos a internet de ata 500 megas simétricos e xa poden desfrutar doutros servizos avanzados de telecomunicacións grazas ás redes de nova xeración de R.

O operador galego vén de rematar en Muxía unha boa parte das tarefas de despregadura, aproveitando ao máximo as infraestruturas deste concello da Costa da Morte. E así, **1027 fogares e negocios** quedaron preparados para recibir os servizos avanzados de teléfono, internet de ata 500 megas simétricos e televisión dixital multicanle de R, e as previsións falan dunha cantidade de 123 máis a peche de ano, co que Muxía comezaría 2022 con **1.150 inmobles conectados ás súas redes** avanzadas.

10 millóns de investimento e fondos europeos

Esta e outras despregaduras na provincia da Coruña forman parte dun dos **tres proxectos do Plan PEBA-Avanza** do Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital dos que **R** resultou adxudicatario en 2018 para despregar a tecnoloxía FTTH en 512 núcleos de Galicia que non dispuxesen de alta velocidade ata o momento (“zonas brancas”).

No desenvolvemento dos **tres plans** investiranse un total de **10M€**, dos cales preto de **8M€** están sendo subvencionados polos fondos FEDER da Unión Europea. En concreto, o despregamento en Muxía encádrase no proxecto destinado á extensión de redes de nova xeración en **154 núcleos de municipios do noroeste de Galicia** (A Coruña, norte de Pontevedra e oeste de Lugo). Para estas actuacións, cun investimento total de **2,6M€** destínase unha axuda dos fondos FEDER de **2,09M€**. Un segundo proxecto fala igualmente da despregadura de banda ancha de nova xeración con tecnoloxía FTTH, desta volta en **162 núcleos do centro-oeste de Galicia** (norte de Pontevedra, sur da Coruña e oeste de Lugo). O investimento total neste caso é de **3,58M€**, **2,86** deles subvencionados polos fondos FEDER da Unión Europea. O terceiro dos proxectos adxudicados desenvolverase en **196 núcleos doutros municipios do suroeste de Galicia** (Pontevedra). As despregaduras nestas zonas suporán un investimento total de **3,75M€**, cunha subvención dos fondos FEDER de máis de **3M€**.

65.000 fogares e negocios conectados a peche de 2021

Arredor de **32.000 novos fogares e negocios** de Galicia quedarán conectados ás redes de nova xeración de **R** cando rematen as actuacións adxudicadas en 2018 ao operador galego polo Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital. A estes traballos hai que lles unir as tarefas de extensión de redes avanzadas que **R** desenvolveu dende 2016 en virtude doutro concurso do Plan PEBA do Ministerio para achegarlles tamén a tecnoloxía FTTH a diferentes “zonas brancas” da xeografía galega; en concreto, para conectar **33.000 fogares e negocios**, cuxos servizos están en fase de comercialización, ás redes de nova xeración de **R**. Deste xeito, ao remate dos dous plans, preto de **65.000 novas residencias particulares e empresas** quedarán preparadas para recibir os servizos avanzados de **R**.

A día de hoxe, só no marco do Plan Avanza, **R** ten chegado por vez primeira coas súas redes de nova xeración a Muxía e tamén a núcleos de poboación das catro provincias galegas que nunca dispuxeran de alta velocidade nos municipios de Tomiño, O Rosal, Monterroso, Palas de Rei, Boqueixón, Porto do Son, Curtis, Cuntis, Meaño, Pobra de Trives, Peñín, Barreiros, Lourenzán, Ortigueira, Cariño, Camariñas, Muros, Cerceda, Antas de Ulla, Moraña, Guitiriz, Abegondo, Ribadumia, Combarro e Ponte Caldelas.

Todas estas localidades poden desfrutar de accesos ultrarrápidos a internet de 500 megas simétricos con velocidade garantida, do desco Android 4k da televisión dixital de **R** e de pura alta definición co servizo **rebobina** para ver a tele como e cando se queira.

Así mesmo, as/os clientas/es de **R** poden aforrar no seu plan de datos móbiles e conectarse de balde a arredor de 130.000 puntos da rede wificlientes **R** espallados pola xeografía galega. E todo isto, cunha atención ao/á cliente/a próxima, de calidade e sempre dende Galicia.

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal

